

Recuperar os nosos dereitos, derrotar as reformas

FAGAMOS memoria. Nos últimos 8 anos os diferentes gobernos do PP e do PSOE, atacaron por medio de reformas Lexislativas os principais dereitos conquistados pola clase traballadora na súa historia constante de loita.

Amparados na crise tomaron por asalto as nosas pensións, os dereitos laborais, os nosos salarios, reduciron a nosa protección e cobertura sanitaria, etc. Hoxe, a pobreza está relacionada con traballo precario, cos contratos parciais, cos máis de dous millóns de persoas que esgotaron as prestacións por desemprego e co 32% de traballadores e traballadoras que teñen un salario inferior ao SMI, 707 € mensuais.

Nestes anos máis de 130.000 galegos e galegas, principalmente mozos e mozas, marcharon á emigración buscando traballo, sen que estes gobernos lles desen condicións e oportunidades para traballaren e viviren na súa propia terra. O Goberno do PP ten condenado o noso pobo a este éxodo histórico. Se estes mozos e mozas estivesen aquí, o desemprego real superaría o 30%. Esta é a realidade de Galiza.

O Estado español é o único caso no que o total dos salarios da clase traballadora des-

ceudou nestes últimos 6 anos preto dun 11%. Mesmo en Portugal, neste mesmo período, os salarios subiron un 4,45%, e en Alemaña e Francia por riba do 9%. As reformas laborais conseguiron o que se propoñían, traballarmos máis e cobrarmos menos. Os salarios que perdemos pasaron ás rendas do capital, persoas ricas e grandes empresarios que aumentaron as súas fortunas e beneficios en máis do 18%, segundo os propios informes da Facenda.

Cando conseguiron roubarnos gran parte dos nosos dereitos no traballo, crearon novas leis represivas de seguridade cidadá (Lei Moradaza) e do Código Penal, para criminalizar as respostas e mobilización da clase traballadora, porque saben que sempre conquistamos os nosos dereitos coa loita. Porque nos teñen medo, porque somos a inmensa maioría, os e as que creamos a riqueza co noso traballo e non coa especulación e a corrupción.

Na actualidade o PP non ten a maioría parlamentaria. Hoxe, estas leis que nos empobrecen e condenan ao sufrimento a clase traballadora poden ser anuladas. A historia pertencenos, decidímolos nós, pero temos que loitala. So nós escoitarán, se alzamos a voz.



1º de Maio, mobilízate coa CIG

CIG

Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com

1º de maio - mobilízate coa CIG

Comarca:	Hora:	Saida dende:
Vigo	ás 12:00h.	Cruce da Dobrada
Coruña	ás 12:00h.	Praza de Vigo
Santiago	ás 12,30h	Praza Roxa
Ribeira	ás 12:00h.	Praza do Peixe
Ferrol	ás 12:00h.	Avda. de Esteiro (local da CIG)
Lugo	ás 12,00h.	Ronda da Muralla (edificio sindical)
Ourense	ás 12:30h.	Pavillón dos Remedios
Cangas	ás 19:00h.	Praza do Concello
Burela	ás 12:00h.	A. Pardiñas (Local CIG)
Cee	ás 12,30h	Praza do Concello
Pontevedra:	ás 11:30h.	Praza da Ferrería
Vilagarcía:	ás 12:00h.	Casa do Mar
A Estrada:	ás 12:00h.	Praza do Mercado

Recuperemos os nosos dereitos

Ensino de calidade **Seguridade e saúde laboral**
SANIDADE PÚBLICA
Seguro de desemprego **Pensións**
Negociación colectiva **INDEMNIZACIÓN LABORAL**
Axudas á dependencia **Indemnización laboral**
Emprego digno **Responsabilidade social**
Traballo **Saúde** **Renda** **Salarios**
Pensións **Dereitos sociais** **Horario de traballo**
Seguridade social **Asistencia sanitaria**
Jornada de traballo **Remuneración**



Sindicalismo nacionalista e de clase